



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
Web: www.concellodeboimorto.es

REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que a Alcaldesa con data dezaseis de xullo de dous mil dezaseis, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

CONCELLO DE BOIMORTO	
REXISTRO XERAL	
23 XULL 2016	
ENTRADA	SAÍDA
Núm. _____	Núm. 1375

Decreto: 275 / 2016

Data decreto: 16/07/2016

Descrición decreto: Convocatoria e aprobación de bases para selección de Técnico turismo concellos de Boimorto, Sobrado e Vilasantar ao abeiro da subvención da Deputación Provincial da Coruña.

DONA MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o expediente tramitado para a convocatoria e aprobación de bases de persoal para proceder a súa selección constando informe de secretaria intervención de data 16/07/2016.

Vista a necesidade urxente e inaplazable para temporada alta turística de contratación de persoal laboral temporal Técnico de turismo a 37,5 horas semanais para garantir a prestación do servizo municipal das oficinas de turismo dos concellos de Boimorto, Sobrado e Vilasantar.

A contratación quedará pendente ata a aprobación definitiva pola Deputación de outorgamento de subvención (concesión provisional de subvencións do programa DP0029: programa de subvencións a concellos e agrupacións de concellos da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar gasto de persoal das oficinas de turismo ano 2016 mediante resolución publicada no BOP núm. 134 de data 15/07/2016).

En uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local en materia de persoal polo presente

RESOLVO

PRIMEIRO .- Proceder á convocatoria e aprobación das bases para a selección de persoal laboral temporal cós condicionamentos sinalados no programa de subvencións dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2016 , aprobando as bases que a continuación se reproducen

BASES QUE REXIRÁN A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO, DUN/HA TÉCNICO/A DE TURISMO PARA OFICINAS DE TURISMO DOS CONCELLOS DE BOIMORTO, SOBRADO E VILASANTAR A 37,5 HORAS SEMANAIS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Primeira.- Obxecto da Convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal por contrato de traballo eventual por circunstancias da produción, mediante concurso, dun/ha técnico/a de turismo para realizar os traballos que figuran descritos na memoria que acompaña á solicitude de subvención presentada para a obtención de subvención por importe de 7.320,00 euros da Excm. Deputación provincial da Coruña no marco do programa de subvencións dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2016, publicada resolución provisional de concesión de subvención no BOP nº 134 de data 15/07/2016.

A finalidade da contratación do técnico de turismo é dinamizar as oficinas de turismo dos concellos de Boimorto, Sobrado e Vilasantar e, en consecuencia, o sector turístico do territorio mediante as seguintes actuacións:

- Atención continua de peregrinos e turistas que realizan o Camiño Norte polos concellos agrupados.
- Realización de visitas guiadas polos concellos para dar a coñecer os recursos turísticos, gastronómicos, patrimoniais, etc. Tanto con turistas, peregrinos... ou por petición grupal.
- Promoción e difusión da oferta local turística a través de campañas de promoción, redes sociais, etc...
- Elaboración dun inventario de recursos turísticos: aloxamentos, visitas, mapas, onde comer, que visitar (monumentos relixiosos, patrimonio natural, arquitectura civil, festas, feiras, mercados, conxuntos etnográficos, etc). Posteriormente realización de folletos e/ou guías conxuntas dos tres concellos segundo a información inventariada.
- Impartición de formación básica ó sector turístico-hosteleiro dos concellos agrupados.
- Proxectos de estudo para a elaboración dunha páxina web de turismo dos concellos agrupados e para a implantación de centros de interpretación.
- Actualización da información turística nas redes sociais e páxinas webs dos concellos agrupados.

Esta contratación será a 37,5 horas semanais, a modalidade contractual será dun contrato eventual por circunstancias da produción (supeditada a previsión de duración ao establecido no outorgamento de subvención pola Deputación Provincial da Coruña de 7.320,00 euros), a retribución mensual con paga extra xa prorrateada será de 1.349,48 euros brutos mensuais (quedando incluída a parte proporcional de paga extra na retribución sinalada).

Segunda.- Requisitos dos/as aspirantes

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da mesma norma.

“Artigo 57 referido o acceso o emprego público de nacionais doutros Estados: nos seguintes termos:

.- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois ós empregos públicos, con excepción de aqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxeto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas.

A tal efecto, os órganos do Goberno das Administracións públicas determinarán as agrupacións de funcionarios contempladas no artigo 76 ás que non poden acceder os nacionais doutros Estados.

- As previsións do apartado anterior serán de aplicación calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

- O acceso o emprego público como persoal funcionario, estenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados po España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.

.-Os estranxeiros ós que se refiren os apartados anteriores , así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

Conforme o artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro, en redacción dada pola Lei 55/1999 de 29 de decembro, poderán tomar parte nas probas selectivas, ademais dos españois: 1)os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, 2)os cónxuxes dos españois e os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos anteriores xuntando á solicitude fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte. As persoas incluídas no apartado a.2) deberán presentar, ademais, os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e, no seu caso, unha declaración xurada o promesa do español ou do nacional da Unión Europea, de Noruega o de Islandia co que existe este vínculo de que non está separado de dereito do seu cónxuxe, ou de que o aspirante vive as súas expensas.

As persoas que non teñan nacionalidade española que superen o proceso selectivo non poderán desempeñar postos de traballo que supoñan a participación directa ou indirecta no exercicio do poder público. A Administración será a competente para determinar cales serán ditos postos de traballo.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade nin estar afectado por docencia física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. De ser nacional doutro Estado no atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso o emprego público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Serán requisitos específicos en aplicación do disposto no artigo 56.3 do Real decreto lexislativo 5/2015 polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, os seguintes:

A) Requisito de titulación: (segundo o esixido na base 3 reguladoras do programa de subvencións dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo DP0029/2016, publicado BOP núm. 99 do 26/05/2016):

- Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente
- Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente
- Grao ou diplomado en Turismo ou equivalente homologado

Deberá indicar que titulación é usada como requisito da convocatoria e cal é usada na fase de concurso.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN; NON OBRIGATORIA ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DO GALEGO

De presentar esta documentación os/as aspirantes que estean en posesión do Celga 4 ou equivalente estarán exentos da realización de proba de acreditación do coñecemento do galego.

De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar méritos neste apartado será obrigatoria a realización dun Exercicio para os que non acrediten o coñecemento do galego, na data fixada pola Comisión Seleccionadora:

Exercicio de coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba escrita de tradución, preparada polos servizos de normalización lingüística do concello, a realizar nun tempo máximo de dez minutos sen dicionario. O exercicio será cualificado de apto e non apto e terá carácter eliminatorio.

Será corrixido e farase proposta de aptitude pola Normalizadora lingüística para finalmente adoptarse a decisión pola Comisión ribunal, que será convocado para a realización deste exercicio antes do outorgamento de puntuacións finais e proposta do/a/s candidato/a/s.

Terceira.- Presentación de solicitudes e proceso de selección: Concurso

O Concello de Boimorto dará publicidade á convocatoria e as bases de selección por anuncios no taboleiro de edictos do Concello e do INEM e na páxina web do concello facendo referencia ós requisitos que deben reunir o/a traballador/a a contratar conforme da anterior base segunda.

Os/as aspirantes terán como data límite de presentación de instancias no rexistro xeral do Concello, para a participación neste proceso selectivo **10 días hábiles** dende o día seguinte á publicación das bases de selección na páxina web do Concello de Boimorto, solicitude instancia de participación cuxo modelo se adxunta no (Anexo II) dirixida ao Sr. Alcalde no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto.

A instancia acompañarase de

.-Fotocopia compulsada do DNI

.- Copia cotexada do título ou declaración ou certificado de estar en condición de obtelo título esixido nas bases para a praza antes da sinatura do correspondente contrato; deberá indicar que titulación é usada como requisito da convocatoria e cal é usada na fase de concurso.

.- Toda a documentación orixinal ou compulsada acreditativa do cumprimento dos requisitos de participación contados na cláusula segunda destas bases.

- A relación dos méritos que aleguen, nomeados segundo a orde establecida no apartado de méritos.

A dita relación acompañaranse os documentos xustificativos dos mesmos:

- Por ter experiencia en posto similar será acreditada mediante contratos de traballo e informe de vida laboral, actualizado, da Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada.

- Cursos de formación relacionados coas funcións do posto de traballo mediante copia compulsada do correspondente título ou diploma.

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

A documentación presentada deberá ir acompañada pola solicitude que aos interesados se lles facilitará no rexistro do Concello.

Serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web as listas de admitidos e excluídos coa motivación da exclusión elevándose a definitiva a lista provisional de admitidos de non existir excluídos e de outorgando dous días hábiles aos excluídos no seu caso para alegacións sendo necesaria aprobación de lista definitiva.

Trala lista provisional elevada a definitiva ou lista definitiva de admitidos procederán a/s Comisión/s seleccionadora/s a valoración dos méritos dos/as aspirantes admitidos/as .

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

Cuarta.- Comisión Seleccionadora e actuación de valoración dos méritos aportados polos/as aspirantes no concurso

Estará integrada polos membros que se indiquen no momento de publicación da lista provisional de admitidos e excluídos no seu caso.

A Comisión non poderá constituírse sen a asistencia de polo menos tres membros sendo preciso en todo caso a asistencia do Presidente e do Secretario.

A cualificación dos méritos para o concurso realizarase pola Comisión seleccionadora axustándose ós criterios que establece o Anexo I destas Bases, levarase a cabo pola Comisión Seleccionadora que publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a relación de aspirantes presentados/as coa puntuación obtida, trala valoración da a Comisión e elevará ó Alcalde- Presidente a correspondente proposta de contratación a favor do/a candidato/as que obtiveran a maior puntuación total.

En caso de empate aplicarase o criterio de maior tempo de experiencia ou maior formación segundo a información facilitada.

Se algún do/a candidato/a inicialmente proposto renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a proposta de contratación da Comisión Seleccionadora sería a favor dos seguintes con maior puntuación total, permitíndose a creación de bolsa por decreto da Alcaldía para a cobertura de posibles vacantes, sempre que os aspirantes obtivesen alomenos 2 puntos como requisito para formar parte de dita bolsa de emprego que queda sen efectos unha vez xustificada a subvención da Deputación Provincial da Coruña.

Quinta.- Formalización e duración do contrato

A contratación formalizarase a requerimento da Administración tras levantamento da condición suspensiva da existencia de crédito previa xeración de crédito por outorgamento da subvención, acreditando a presentación polo aspirante de:

A) Certificado médico oficial, acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a desenvolver.

B) Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da/s Administracións Públicas, e non ter sido separado do servizo público.

A duración estimada é de catro meses dende a data de formalización do contrato, supeditada dita previsión de duración ao establecido no outorgamento de subvención pola Deputación provincial da Coruña.

Sexta.- Incidencias

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso en todo o non previsto nestas Bases.

Sétima.- Dereito supletorio

O non previsto nestas bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ó disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e no Real decreto lei 8/1997, do 16 de maio, e demais lexislación concordante en materia laboral así como normativa administrativa Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público e demais normativa administrativa básica e de desenvolvemento aplicable en materia de selección de persoal o servizo das administracións públicas.

Oitava.- Norma final.

A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderanos impugnar os interesados no caso e na forma dispostos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO I

Baremo de méritos para valorar o concurso praza de socorrista a 40 horas semanais:

- Por ter experiencia profesional en posto similar (puntuación máxima 3 puntos)
Por cada mes traballado na mesma categoría, a razón de **0,25 puntos/mes.**

O cómputo realizarase por meses completos, non computando períodos inferiores a 30 días.

Este mérito acreditarase mediante contratos de traballo e informe de vida laboral ano 2016 actualizado sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada. A experiencia en administración pública poderá xustificarse con certificado da contratación e da súa duración acompañado de informe de vida laboral.

- Formación (puntuación máxima 2 puntos)

Valoraranse os cursos homologados de formación e perfeccionamento seguintes recibidos relacionados coas funcións a desenvolver (non valorando seminarios, congresos, xornadas, módulos, etc que non sexan cursos). A puntuación efectuarase en función da duración da formación conforme á seguinte escala:

- Cursos ata 49 horas : **0.10 puntos.**
- Cursos de 50 a 99 horas: **0.25 puntos.**

- Cursos de máis de 100 horas: **0.50** puntos

Acreditación destes méritos mediante copias compulsadas dos correspondentes títulos ou diplomas.

**ANEXO II
MODELO DE INSTANCIA**

D./Dña.....,co
n DNI número.....e domicilio a efectos de notificacións e comunicación
en.....
CP.....localidade.....telf.....

EXPON:

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para a selección dun /ha Técnico/a de turismo a 37,5 horas semanais como persoal laboral temporal non permanente do Concello de Boimorto.

II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Polo exposto,

SOLICITO: Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data

Asdo.:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade
-

.....
.....

.....
.....

.....
.....

- (no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue)

ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Publíquese no taboleiro de anuncios tanto da oficina de emprego de Melide como do Concello e na páxina web anuncio deste procedemento de selección xunto con certificación deste decreto.



O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D^a. María Jesús Novo Gómez en Boimorto dezaseis de xullo de dous mil dezaseis do que, como secretaria asino aos unicos efectos de dar fe.

A Alcaldesa - Presidenta


Perante min, a secretaria

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en BOIMORTO, a 20 de xullo de 2016

V^o Pr.
A Alcaldesa



Asdo.- María Jesús Novo Gómez

